

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O INSTITUTO ARAGONÉS DE EMPLEO PARA A CESIÓN GRATUÍTA DO USO DO PROGRAMA INFORMÁTICO “Sistema xestión de cooperativas, centros especiais de emprego e sociedades laborais” (COCESO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Instituto Aragonés de Emprego o instrumento convencional arriba referido por un período de duración inicial de dous anos, dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa prórroga automática anual ata un máximo de catro anos adicionais, salvo renuncia previa por calquera das partes asinantes nos tres meses anteriores á súa finalización.

Que o instrumento convencional ten por obxecto que a Xunta de Galicia, a través da Amtega, cede ao Inaem o uso gratuíto do programa informático “Sistema de Xestión de Cooperativas, Sociedades Laborais e Centros Especiais de Emprego” (COCESO) para a súa implantación e utilización polo Inaem no ámbito da Comunidade Autónoma de Aragón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte en que lle corresponden á Amtega, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro,



polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, as competencias para o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, que engloba entre outras as competencias en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, en virtude do disposto no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. A través da Secretaría Xeral de Emprego, órgano de dirección desta consellería ao que está atribuída a dirección, coordinación, control e execución destas competencias, lle corresponde a xestión do Rexistro de Cooperativas de Galicia así como dos Rexistros administrativos de sociedades laborais e dos centros especiais de emprego.

O Instituto Aragonés de Emprego foi creado pola Lei de Cortes de Aragón 9/1999, do 9 de abril, co carácter de organismo autónomo e por elo dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, dispoñendo de patrimonio propio e dos recursos humanos, de financiamento e materiais necesarios para cumprir os seus fins, que, conforme ao artigo 2 da citada Lei, consisten, con carácter xeral, na execución da lexislación de emprego e formación profesional ocupacional que teña asumida a Comunidade Autónoma de Aragón.

O artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece como un dos principios xerais do réxime das relacións entre as distintas Administracións Públicas, o de cooperación, definíndose como principio clave no seu artigo 140.1 d) a cooperación cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común. Dito principio desenvólvese nos artigos 143 e 144, incluíndose neste último, no



seu apartado 1.d) como unha das técnicas de cooperación “...a prestación de medios materiais, económicos ou persoais doutras Administracións Públicas”.

É evidente pois, que o presente convenio ten un carácter de interese público, en atención ao obxectivo último da cooperación das Administracións Públicas e da eficiencia na prestación dos servizos públicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

